

Danos Morais no Direito do Trabalho. Identificação, Tutela e Reparação dos Danos Morais Trabalhistas.

Río de Xaneiro-San Paulo, Renovar, 323 pp.

M.^a Asunción López Arranz

Os danos morais son hoxe un fenómeno social que está presente en todas as esferas das relacións humanas. A nosa sociedade probou todas as diferentes formas de dano moral e estas atópanse impresas na nosa máis profunda natureza, mesmo parecen estar instauradas na nosa sociedade de forma permanente. A única diferenza entre o pasado e o presente é que hoxe na nosa sociedade hai unha maior sensibilidade contra este tipo de danos.

Os sistemas xurídicos das sociedades máis avanzadas, como a nosa, tratan de lles dar unha resposta e unha solución normativa a estes casos. A sociedade reclama normas que nos protexan fronte ás agresións, e aínda que sempre camiña dous pasos por diante da norma, esta deberá ser sensible ás situacións que vivimos nestes tempos, e responder aos diferentes danos que sofren as persoas, para que un día cheguen a ser un mal extinguido e non un mal endémico.

Un dos ámbitos en que o dano moral atopou un terreo de cultivo idóneo é o mundo do traballo, e non soamente polo que respecta aos danos físicos, senón tamén a aqueles que afectan aos dereitos da personalidade, a honra, a imaxe, a vida privada e á intimidade.

No campo do traballo os conceptos de competencia, presión ou tensión foron, e son, o paradigma dunha cultura empresarial que, amparada polos principios xurídicos e o poder económico, marcou unha forma de entender as relacións laborais e desenvolveu de forma alarmante o espírito de competitividade até o extremo; isto ocasionou a violencia que hoxe está presente no mundo laboral, por parte tanto dos empresarios como dos mesmos traballadores que, levados deste espírito, a exerceron cara aos seus propios compañeiros. Estas situacións motivan que para moitas persoas o traballo cotián sexa unha carreira de obstáculos en que poñen en perigo a súa saúde psíquica, física e social.

Na maior parte dos países existe unha preocupación notable polo aumento dos casos de danos morais no traballo, o que se plasmou nun gran número de publicacións sobre esta realidade concreta, en que salienta pola súa proximidade lingüística coa nosa comunidade a publicación que aquí se apunta.

A estrutura da obra de Alexandre Agra Belmonte permítenos situar o tratamento dos danos morais no Brasil desde a perspectiva da responsabilidade civil e o contrato individual de traballo, ao estar levada a obra a cabo cunha metodoloxía de estudo e de investigación que permite avaliar, no tocante a este país, os danos morais desde a responsabilidade civil do propio dano moral á responsabilidade derivada do contrato individual de traballo polos danos morais sufridos polos traballadores.

Neste traballo, á parte do propiamente protocolario (unha *Introdução* sobre os dereitos persoalísimos ou innatos da persoa que teñen o seu reflexo tamén no mundo do traballo), aparece formalmente dividido en tres grandes partes relativas á responsabilidade civil, ao contrato individual do traballo e á responsabilidade decorrente, e aos danos morais do traballador:

a) Breve Histórico da Responsabilidade Civil, da Responsabilidade Civil, do Dano Moral. Breve evolución do concepto de responsabilidade civil nas historias, definición, requisitos e clases de responsabilidade no sistema vixente no Brasil.

b) Do Contrato Individual de Trabalho e Responsabilidade Decorrente. Do contrato de traballo, da responsabilidade no campo do traballo e das obrigacións das partes.

c) Dos Danos Morais Trabalhistas. Estudo dos danos morais dos traballadores e os elementos psíquicos sociais da personalidade, así como da casuística actual.

O dano moral é considerado como unha lesión ao dereito da persoa que a afecta de forma sentimental na súa consideración persoal ou social; en definitiva, para o autor é un dano consecuente dunha agresión sentimental ou afectiva ao dereito da personalidade. É de natureza extrapatrimonial porque calquera eventual consecuencia indirecta ou compensación pecuniaria da dor, do sufrimento ou da humillación non transforma o dano en patrimonial, dado o carácter accidental do elemento económico na primeira e a falta de equivalencia entre a compensación e a afectación sentimental causada.

A este respecto, no novo estatuto civil elaborado para substituír o Código Civil en vigor, en que se regula a responsabilidade civil nun título específico, sinálase a culpa como principal fundamento e provese a reparación sen culpa en virtude dos eventos danosos acaecidos no exercicio de actividades de risco.

Para Alexandre Agra e para a doutrina empregada no estudo deste libro o dano moral encádrase dentro dos dereitos da persoa, os cales son dereitos absolutos que protexen o ser humano desde unha perspectiva física, intelectual ou moral, e cuxo obxectivo é resgardar a súa dignidade e a súa integridade. Desde esta perspectiva o libro diferencia o dano moral, o dano moral civil e o dano moral laboral.

Deixa claro o autor que o traballador brasileiro está á disposición do empregador nunha posición de subordinación xurídica, e así se obriga a permanecer como condición executiva do contrato, pondo en risco a súa forza física ou intelectual, moitas veces a propia vida e os seus dereitos como persoa á honra, a imaxe, a vida privada e a intimidade; por iso a relación de emprego é fonte das consecuencias de danos morais para o traballador. Así mesmo, sinala a posibilidade de separar o dano moral do civil e do laboral que até o momento se atopaban regulados de maneira conxunta. Realmente o dereito do traballo no Brasil ten como finalidade ordenar a relación existente entre empregados e empregadores e reparar os danos ocasionados pola devandita relación, polo que cadrarían tamén dentro del a reparación dos danos morais como consecuencia do traballo.